

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 28 de decembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezaseis horas e cincuenta e nove minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelarias Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, O titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1855).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia da sesión.

2(1856).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2012. EXPTE. 23794/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 28-12-12, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2012, integrada polas seguintes 19 prazas vacantes:

- a) Persoal funcionario (12 prazas, dúas delas pola quenda libre).

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
4	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Promoc. Interna
5	Auxiliar Administración Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	Promoc. Interna
1	Inspector/a Auxiliar Obras, Servizos e Infraestructuras.	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Promoc. Interna
2	Conductor/a-Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre

b) **Persoal laboral** : 7 prazas pola quenda de promoción interna (1 de Capataz e 6 de oficial de oficios)

Nº de plazas	Denominación	Quenda
1	Capataz	1 Promoción Interna
2	Oficial Xardineiro	2 Promoción Interna
3	Oficial Conductor	3 Promoción Interna
1	Oficial Instalacións Municipais	1 Promoción Interna

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de Abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, resérvase un total de 1 praza (7% das 2 prazas ofertadas pola quenda libre e das 17 reservadas por promoción interna), para **persoas con discapacidade**:

-Unha praza de Auxiliar de Administración Xeral, da tanda de promoción interna.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezasete horas e catro minutos. Como secretaria dou fé.

rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Isaura Abelairas Rodríguez